



BASES E CRITERIOS QUE REXEN O III CONCURSO CON DECORACIÓN DE NADAL DE ESCAPARATES E INTERIORES DE ESTABLECEMENTOS CON SEDE NO CONCELLO DE RIBADUMIA

1. OBXECTO

A Asociación de comerciantes de Ribadumia "Ribadumia Agárdate" en colaboración co Concello de Ribadumia, convoca a terceira edición do "Concurso con decoración de nadal de escaparates e interiores de establecementos con sede no Concello de Ribadumia" co obxecto de axudar á dinamizar, fomentar e impulsar a promoción do comercio local, incentivar o cambio dos escaparates e animar o interior dos locais tendo en conta as datas festivas do nadal, promover a creatividade dos establecementos e tamén de atraer ós veciños a visitar os establecementos e ós compradores a realizar a súa compra no comercio de Ribadumia.

2. PARTICIPANTES

Poden participar todos os comercios, servizos, hostalaría e outros establecementos que teñan a súa sede e desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Ribadumia.

A participación neste concurso supón a total aceptación destas bases.

Cada establecemento só poderá presentar unha solicitude de participación, independentemente do número de escaparates que estean decorados.

3. TEMÁTICA E PRAZO DE EXPOSICIÓN

Os participantes deberán ter decorados os seus escaparates con motivos do nadal, cando menos antes do 3 de decembro de 2022.

Os establecementos participantes terán plena liberdade en canto a técnica e estilo. Valorarase a creación artística, a presentación, creatividade, orixinalidade, as cores e iluminación e os elementos característicos da nosa cultura e tradicións, así como os adornos de nadal feitos con material reciclado.

4. DEREITOS

O Concello de Ribadumia resérvase o dereito para reproducir nas súas redes sociais de maneira libre calquera das creacións finalistas así como aquela que teña obtido o premio.

Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados en conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos de carácter persoal. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios.

5. PRAZO DE INSCRICIÓN

Os interesados teñen de prazo para se inscribir ata o 16 de decembro de 2022 no Concello de Ribadumia.

Poden inscribirse a través do email cultura@ribadumia.org, no teléfono 986718491 do Concello de Ribadumia ou presencialmente nas oficinas municipais.

CSV: 07E6000428AB00Z5V4D7E3C0K0

CSV: 07E60004292000T5O4S5E3X1Q0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000428AB00Z5V4D7E3C0K0 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 2022308 22000028
	DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 29/11/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/11/2022 11:55:01	Fecha: 13/10/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E60004292000T5O4S5E3X1Q0 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 2022308 22000028
	CONCELLO DE RIBADUMIA - 29/11/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/11/2022 12:14:16	Fecha: 13/10/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL





Na inscrición cada concursante debe enviar unha ou varias fotos (cun máximo 5) da decoración de nadal nos escaparates ou interiores do establecemento e debe indicar os seguintes datos:

- Nome e apelidos do concursante
- Nome do establecemento
- Lugar ou ubicación exacta do establecemento
- Teléfono de contacto

6. SELECCIÓN, FALLO E XURADO

Unha vez expirado o prazo de inscrición, o xurado examinará as fotos presentadas e de ser necesario, pasará por cada establecemento a examinar as creacións co obxecto de deliberar e decidir o premio a "mellor decoración de nadal de escaparates ou interiores de establecementos".

Valorarase a vinculación a temática e a orixinalidade, montaxe e estética da creación.

O concurso declararase deserto se non se alcanzan os 10 participantes.

O xurado estará composto polas seguintes persoas:

- Un representante do Concello de Ribadumia.
- Dous representantes da Asociación de Comerciantes de Ribadumia.

Os integrantes do xurado non poderán participar neste concurso.

O xurado seleccionará a "mellor decoración de nadal de escaparates ou interiores de establecemento" e o gañador darase a coñecer o día da Cabalgata de Reis e será comunicado persoalmente e a través das diferentes redes sociais.

O fallo do xurado é inapelable.

7. PREMIO

Establécense 3 premios para a "mellor decoración de nadal de escaparates ou interiores de establecementos":

1º premio: 200 € e un diploma de recoñecemento.

2º premio: 150 € e un diploma de recoñecemento.

3º premio: 100 € e un diploma de recoñecemento.

Ribadumia, 28 de novembro de 2022.

D. Rubén Cores Lojo

Presidente da Asociación de Comerciantes de Ribadumia.

David. J. Castro Mougán.

Alcalde do Concello de Ribadumia.

CSV: 07E6000428AB00Z5V4D7E3C0K0

CSV: 07E60004292000T5O4S5E3X1Q0



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000428AB00Z5V4D7E3C0K0 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 2022308 22000028
	DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 29/11/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/11/2022 11:55:01	Fecha: 13/10/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E60004292000T5O4S5E3X1Q0 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 2022308 22000028
	CONCELLO DE RIBADUMIA - 29/11/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/11/2022 12:14:16	Fecha: 13/10/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

